



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDADE GALEGA (FEUGA) PARA IMPULSAR PROGRAMAS DE POSICIONAMENTO E CAPTACIÓN DE PROXECTOS EUROPEOS PARA O SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO

MEMORIA XUSTIFICATIVA (segundo modelo Anexo á Circular nº 1/2016, do 15 de febreiro, da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación, pola que se editan instrucións en materia de convenios para aplicación da lei 1/2016, de 18 de xaneiro de 2016, de transparencia e bo goberno).

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (CONSELLERÍA) ten previsto formalizar coa Fundación Empesa-Universidade Galega (FEUGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2018 ata o 30 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a FEUGA para executar accións destinadas a impulsar e consolidar un programa conxunto de posicionamento e novas accións de apoio ao Sistema Universitario de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase nun interese público, xa que é preciso despregar unha rede de intelixencia que detecte e explote oportunidades de crecemento e mellora para o Sistema Universitario de Galicia (SUG) e dar resposta ás necesidades de transferencia de investigación por medio de accións para promover que as universidades públicas galegas poidan participar en proxectos de investigación europeos e internacionais.

Estas accións esténdense ás tres universidades galegas, podendo beneficiarse todos os grupos de investigación do SUG, e, polo tanto, non sendo necesario promover a concorrència competitiva.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

